

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2024/23	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	05 de xullo de 2024
<b>Duración</b>	Dende as 13:23 ata as 13:47 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Paula Mª Fernández Pena
<b>Secretaria</b>	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	NON

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

<b>Aprobación da acta da sesión anterior: 28.06.2024</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 28 de xuño de	

2024.

**Expediente 1032/2024. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 4 de xullo, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo da adquisición de produtos básicos de hixiene e roupa para estada en Centro Hospitalario.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda na adquisición de produtos básicos de hixiene e vestimenta.

**Segundo.-** Aprobar o pago delegado, con cargo á aplicación presupostaria correspondente, a:

- Vego Supermercados S.A.U. con número de factura 06000010 e importe 12,06€
- Sonia Pérez González, Mercería Sonia, con número de factura 1/2024 e importe 108,00€
- Calzados Canda por un importe de 55€

**Terceiro.-** Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

**Cuarto.-** Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

**Expediente 1118/2024. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 4 de xullo, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade derivada dunha causa sobrevida.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento dunha factura.

**Segundo.-** Aprobar o pago delegado a Dona Lidia Fuerte Casal con DNI \*\*\*383\*\*\* da factura A 42/2024

por un importe de 168 €.

**Terceiro.-** Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

**Cuarto.-** Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida..

#### **Expediente 1121/2024. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 4 de xullo, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo do servizo de Xantar na Casa, o cal garante unha alimentación axeitada da unidade familiar.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda,

**ACORDA:**

**Primeiro.-** Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago dos Xantares Servidos nos meses de abril e maio.

**Segundo.-** Aprobar o pago delegado a Culinaria, Coesco-Deza S.L.U., e que se corresponde coas facturas número A24/07427 e A24/09456, por importe de 61,60€ e 52,80€ respectivamente, con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

**Terceiro.-** Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

**Cuarto.-** Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

#### **Expediente 1124/2024. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 4 de xullo, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo do servizo de Xantar na Casa, o cal garante unha alimentación axeitada da unidade familiar.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda,

**ACORDA:**

**Primeiro.-** Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago dos xantares servidos nos meses de abril e maio.

**Segundo.-** Aprobar o pago delegado a Culinaria, Coesco-Deza S.L.U., e que se corresponde coas facturas número A24/07426 e A24/09455 por importe de 61,60€ e 52,80€ respectivamente, con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

**Terceiro.-** Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

**Cuarto.-** Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

**Expediente 402/2024. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ENTIDADE “ASOCIACIÓN CULTURAL O LACÓN” PARA O ANO 2024**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a labor que realiza a Asociación Cultural O Lacón de Silleda.

Visto que a entidade volve organizar o vindeiro 5 de xullo a Festa Gastronómica do Lacón de Silleda, así como actividades complementarias arredor desta cita gastronómica e cultural, que cumpre 24 anos.

Visto o necesario apoio do Concello de Silleda a este tipo de iniciativas, para a promoción e difusión da gastronomía, cultura e turismo do municipio.

Visto o anexo de subvencións nominativas que foi publicado no BOP de Pontevedra nº 29 do 9 de febreiro de 2024.

Visto que transcorrido o prazo de 15 días da aprobación inicial non se presentaron alegacións e o acordo se aprobou definitivamente.

Visto o informe favorable do funcionario do departamento municipal de Cultura, Turismo, Deporte e Comunicación.

Visto o convenio proposto que se transcribe a continuación:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN  
ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ENTIDADE “ASOCIACIÓN CULTURAL O LACÓN” PARA  
O ANO 2024**

*En Silleda, na data da sinatura electrónica*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D<sup>a</sup> Paula María Fernández Pena, actuando como Alcaldesa-Presidenta no seu nome e en representación do Concello de Silleda, con CIF 3605200-I.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> Arturo Donato López Castro, con D.N.I. nº 7\*\*\*\*\*, como representante legal e en calidade de Presidente da entidade Asociación Cultural O Lacón, con CIF G-36351757.*

*Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, Déborah García Suárez.*

*Todas as partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, con capacidade e competencia suficiente para o outorgamento do presente Convenio de Colaboración e,*

### EXPOÑEN

*I) Que as Entidades Locais, en canto Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con entidades privadas.*

*II) Que no artigo 22.2.a) da Lei 28/2003, xeral de subvencións recóllese a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.*

*III) Que no artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións configúrase o Convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.*

*En base a todo o que se acaba de expoñer subscríbese o presente Convenio de Colaboración coas seguintes*

### CLÁUSULAS

*PRELIMINAR: A entidade beneficiara da subvención acompaña no momento da firma do presente convenio a seguinte documentación:*

*- NIF/CIF da entidade ou asociación beneficiaria ou NIF das persoas a nome das cales se apertura a conta corrente na que se situarán os fondos, de ser o caso (Cláusula terceira).*

*- Declaración responsable de atoparse ao corrente coas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.*

*- Declaración responsable de non estar en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.*

*- Designación de número de conta bancaria.*

*PRIMEIRA: Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento dunha subvención nominativa.*

*SEGUNDA: Que a actividade subvencionada consiste nas actividades relacionadas coa FESTA GASTRONÓMICA DO LACÓN DE SILLEDA.*

*TERCEIRA: O Concello de Silleda comprométese a aportar a cantidade de 400,00 € con carácter prepagable, debendo inescusablemente xustificarse con posterioridade nos termos que se especifican máis adiante no presente Convenio. Esta cantidade será abonada nunha conta aberta nunha entidade financeira a nome da entidade/asociación beneficiaria. Cando por razóns de índole técnica, administrativa ou outras debidamente xustificadas a apertura da devandita conta sexa imposible, poderá abonarse a cantidade nunha conta bancaria aberta ó efecto como mínimo por dous membros da Entidade beneficiaria.*

*CUARTA: O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.*

*QUINTA: Gastos subvencionables: Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido.*

*SEXTA: Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.*

*SÉTIMA: Son obrigas dos beneficiarios:*

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.*
- 2.- Só serán subvencionables as actividades realizadas en galego, tanto oral como escrito, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro), e nas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega na sesión plenaria do día 12 de xullo de 2003). Os proxectos subvencionables respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo co preceptuado no artigo 10 da citada Lei 3/1983, o 15 de xuño, de normalización lingüística.*
- 3.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.*
- 4.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.*
- 5.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.*

6.- *Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

7.- *Acreditar con anterioridade a ditarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.*

8.- *Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.*

9.- *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.*

10.- *Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.*

*OITAVA: Xustificación:*

*A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.*

*Esta conta xustificativa deberá recoller:*

1. *Facturas reglamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.*

2. *Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.*

3. *Certificado asinado pola persoa responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.*

4. *Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

5. *No seu caso, certificado das subvencións concedidas para a mesma finalidade.*

*Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.*

*A presentación da conta xustificativa realizarase, como máximo, ata o 21 de outubro do presente ano, sen posibilidade de prórroga.*

*NOVENA: Reintegro. Procederá o reintegro da subvención sempre que concorran as circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da Lei xeral de subvencións.*

*DÉCIMA: En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.*

*DÉCIMOPRIMEIRA: O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.*

*Polo Concello.*

*A Alcaldesa-Presidenta*

*Asdo. Paula María Fernández Pena*

*A Secretaria*

*Déborah García Suárez”*

*Pola Entidade.*

*O Representante.*

*Asdo. Arturo Donato López Castro*

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Silleda e a Asociación Cultural O Lacón do ano 2024, cun importe de 400 euros, e que asinarán a alcaldesa, Paula M<sup>a</sup> Fernández Pena, en representación do Concello, e o presidente da entidade, Arturo Donato López Castro.

**SEGUNDO:** Dar conta do presente convenio ao departamento de Intervención.

**Expediente 1009/2024. Contratacións. ADQUISICIÓN DE REMOLQUE E TRITURADORA POLIVALENTE LATERAL PARA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE E ESPAZOS NATURAIS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a necesidade de contar con nova maquinaria por parte do persoal de obras e servizos

Vistas a ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Visto o Programa Mais Provincia da Deputación de Pontevedra, ao abeiro do que tamén existe concesión de subvención para a cofinanciación.

Vista a Memoria denominada ADQUISICIÓN DE REMOLQUE E TRITURADORA POLIVALENTE LATERAL PARA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE E ESPAZOS NATURAIS

Vistas as concesións das subvencións tanto por parte da Xunta de Galicia como da Deputación.



Visto que o valor estimado do contrato ascende a 27.850 euros, podendo acudir ó procedemento aberto simplificado abreviado.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Que se inicie o procedemento de adxudicación do contrato de subministro denominado: “ADQUISICIÓN DE REMOLQUE E TRITURADORA POLIVALENTE LATERAL PARA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE E ESPAZOS NATURAIS”, por importe de 33.698,50 euros (ive incluído) polo procedemento aberto simplificado abreviado.

**SEGUNDO.-** Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

**TERCEIRO.-** Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación aos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como ao expediente de contratación de conformidade co disposto na DA3ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**CUARTO.-** Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### **Expediente 965/2021. INCOACIÓN EXPEDIENTE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Á vista dos seguintes ANTECEDENTES DE FEITO:

**PRIMEIRO.-**Consta no expediente escrito de denuncia asinado por Dona Cristina Marta Parga Viz, no que se fai constar, entre outros, en extracto no relativo ás infraccións, o seguinte:

-Construción de alpendre na parcela 125, propiedade da parte denunciada, invadindo a linde e con ausencia de recuamento, mediante muro de bloque de formigón sen revestir de aproximadamente 2 metros de altura e abrindo un oco de 1 m por 1,50 de dimensións aproximadas, sobre un peche de madeira inicial, cuberto con plásticos.

-Ausencia de recollida de augas, que verten á parcela 124, propiedade da denunciante. Como consecuencia de non ter recuamentos e a ausencia de canlón vértese á propiedade que manifesta como súa a denunciante.

-Apertura de luces e fiestras cara á parcela 124, propiedade da denunciante, sobre a que non lle

constan servidumes existentes de luces e vistas.

**SEGUNDO.-** Xunto có escrito que se resume no punto anterior aporta como anexos dúas fotografías e copia do título de propiedade da parcela 124 (36052E502001240000HS).

**TERCEIRO.-** Consta no expediente Providencia de Alcaldía dispoñendo un período de apertura de actuación previas co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia de iniciar o procedemento de reposición da legalidade urbanística.

**CUARTO.-** Consta no expediente informe do técnico municipal, que tras unha visita de inspección realizada o 25 de abril de 2023 no que determina o seguinte:

- O día da visita de inspección apréciase que existe un muro de bloque de formigón sen revestir, que conforma un límite físico da parcela 125, no que se van apoiando unha sucesión de edificacións de aparente uso de alpendres e garaxe, de distintas alturas, pendentes de cuberta, materiais, etc. Este límite físico pode non coincidir coa realidade, pois parece ser que hai discrepancias entre ámbolos dous propietarios lindeiros, e entre estes e Catastro e tamén coa superposición aproximada cós planos de Concentración Parcelaria. Non se aporta documentación gráfica a este respecto.

- As construcións sinaladas anteriormente incumpren os recuados mínimos en todo caso: aínda non estando clara a linde, parece claro que as construcións destinadas a alpendre e garaxe incumpren os recuados mínimos en solo rústico. Hai outras construcións sobre a linde con estrutura vertical de madeira e parcialmente cuberta de plásticos negros. Non é posible verificar o que consta na denuncia e foi aseverado pola denunciante, relativo á transformación destas construcións inestables envoltas en plásticos en fachadas de bloque de formigón, pero si se aprecian construcións de ámbolos dous tipos.

- Compróbase que as construcións levantadas sobre esa hipotética linde verten as augas cara o suposto predio lindeiro, incumprindo o artigo 586 do Código Civil, entre outros.

- Tamén se verifica a existencia dunha fiestra sobre o peche de bloque sen revestir que alberga un vehículo, fiestra que abre luces e vistas á propiedade lindante, incumprindo os artigos 582 e 583 do Código Civil, toda vez que a denunciante manifesta non ter autorizado esa servidume.

- O día da visita apréciase que as obras están no mesmo estado que nas fotografías aportadas pola denunciante no seu momento, e construídas a base de materiais orixinalmente pensados para estaren revestidos. Sinálase, por tanto, que as obras denunciadas non están rematadas.

- Efectuada busca polo persoal administrativo desta oficina técnica este informa que non consta título habilitante municipal para as construcións destinadas a alpendres e garaxe.

- Si consta porén decreto de alcaldía de 6 de agosto de 2010 no que se concede licenza municipal de obra para “cerre de postes de formigón de 1.50 metros de altura, zócalo de formigón de 20 cm e malla de arame” a José Luis Suárez Domínguez. Compróbase que este peche coincide có denunciado neste expediente. No informe técnico, que se trasladou ao promotor xunto có decreto, con rexistro de saída 1428 de 6/8/2010, transcríbese parcialmente o artigo 42.1.c) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de

ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, có seguinte teor: “Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica excedan a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine”. Polo que se puido apreciar in situ e se comproba nas fotografías aportadas coa denuncia, o muro ten 8 fiadas de bloques (aproximadamente 1,60 metros como mínimo) e incumpre o resto das condicións sinaladas.

- Considera o técnico que as obras non están totalmente rematadas.
- Non foi posible, nesta instancia, esclarecer datos do construtor nin da dirección facultativa.

Segundo a información que consta na certificación catastral descriptiva e gráfica extraída da Sede Electrónica de Catastro (SEC), que consta no expediente, os titulares do predio e presuntos promotores son os seguintes:

- Gil Docampo, Otilia Sara D.N.I. 76812913C, Pb Rivas-Moalde 8. 36579 Silleda [Pontevedra].
- Suárez Domínguez, José Luis\* D.N.I. 35441866Q, Pb Rivas-Moalde 8. 36579 Silleda [Pontevedra].

\*Promotor no muro de peche que consta no expediente

-No momento no que se realiza a visita, o técnico municipal determina que non se aprecian a simple vista no entorno das obras materiais de construción nin maquinaria. Por tanto, non se indican medidas cautelares que deban terse en conta.

- Con respecto ao indicado en relación coa discrepancia entre ámbolos dous propietarios lindeiros sobre o límite físico das parcelas, apórtase no informe do técnico, en ANEXO, documentación gráfica aproximada elaborada polo propio técnico municipal que subscribe o informe, na que se aprecia a discrepancia entre a límite que figura na SEC e os planos de concentración parcelaria superpostos con ortofoto. En canto aos planos de concentración, é preciso manter as cautelas necesarias respecto da súa exactitude, ao ser unha concentración que data dos anos 70 (data de firmeza do acordo 13/11/1972) e os medios técnicos dos que se dispoñía na época.

- Por outra banda, a propia linde establecida en concentración parece ser obxecto de discordia entre ámbolos dous propietarios, tanto polo que consta no escrito de denuncia, como polo aseverado in situ pola denunciante, como polo feito de que, na solicitude sinalada para a concesión da licenza de “cerre de postes de formigón de 1.50 metros de altura, zócalo de formigón de 20 cm e malla de arame”, o propietario agora denunciado aportaba documento de “Deslinde de la finca nº 125 de la zona de concentración parcelaria de Moalde” realizado por Ramón Brea Villaverde, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 580 e asinado en xullo de 2010. Sinalar que se trata dun documento de parte, e non consta documento algún de conformidade dos lindeiros. En calquera caso, a licenza de 2010 nomeada foi concedida “salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro”, como se indica no propio Decreto, **sendo este un aspecto, o do deslinde entre particulares, que non é competencia municipal.**

**QUINTO.-** Consta no expediente Providencia de Alcaldía solicitando informe de Secretaría de data

19/06/2024.

**SEXTO.-** Consta no expediente informe de Secretaría de data 21/06/2024.

Polo exposto, e de conformidade cos artigos 152 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, 379 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro e 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións levadas a cabo na Parcela 125, polígono 2 da Zona de Concentración Parcelaria de Moalde (Referencia Catastral 36052E502001250000HZ), titularidade de Dona Otilia Sara Gil Docampo e Don José Luis Suárez Domínguez:

- **muro de bloque de formigón** sen revestir que incumpre as condicións sinaladas no título habilitante outorgado mediante decreto de alcaldía de 6 de agosto de 2010 para “cerre de postes de formigón de 1.50 metros de altura, zócalo de formigón de 20 cm e malla de arame”.

- **edificacións de aparente uso de alpendres e garaxe**, de distintas alturas, pendentes de cuberta e materiais que se veñen apoiando no muro antedito para as que non consta título habilitante municipal.

**SEGUNDO:** Notificar a presente resolución aos interesados para que, no prazo de quince días hábiles, poidan examinar o expediente, formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

**TERCEIRO:** Finalizado ese prazo de audiencia ós interesados, adoptárase o acordo que proceda no que se detallará con claridade e precisión o seu obxecto:

a) Se as obras ou os usos non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordáranse as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica vulnerado a costa do interesado:

1º. A demolición das obras executadas.

2º. No seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido.

No caso de que a demolición afectase a un edificio ou construción obxecto de protección pola lexislación en materia de patrimonio cultural, a reconstrución, cando cumpra, deberá someterse ás normas establecidas para a conservación, restauración e mellora que lle sexan de aplicación na súa lexislación específica.

3º. A reposición dos terreos ao seu estado inicial.

4º. O cesamento da subministración dos servizos ou a prohibición da súa contratación.

5º. A prohibición da primeira utilización e ocupación dos edificios e das construcións.

6º. A execución das obras necesarias para impedir os usos ilegais.

7º. Se os usos non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación dos mesmos.

b) Se as **obras ou os usos puidesen ser legalizables** por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa. No caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a costa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que desen lugar.

c) Se **as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante**, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outro tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar xustifíqueo.

Se, transcrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a costa do interesado.

**CUARTO:** Comunicar ao Rexistro da Propiedade a incoación do procedemento de reposición da legalidade, para a súa publicidade e práctica dos asentos.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**